

Resolución do 25 de febreiro de 2025 da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública pola que se fai publica a adxudicación de prazas do proceso selectivo de acceso por promoción interna nos corpos de policía local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector (código de procedemento PR461F), convocado mediante a Orde do 19 de setembro de 2024 (DOG núm. 188, do 30/09/2024)

Con data 30 de setembro de 2024, o Diario Oficial de Galicia fixo pública a Orde do 19 de setembro de 2024 pola que se aprobaban as bases xerais reguladoras e se convocou o proceso selectivo de promoción interna nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector (código de procedemento PR461F).

O tribunal que avaliou este proceso, nomeado pola Resolución do 2 de decembro de 2024 (DOG núm. 238, do 11 de decembro), acordou con data 17 de febreiro de 2025 facer públicas as cualificacións finais do proceso selectivo de promoción interna e remitiu a este centro directivo a proposta de adxudicación dos postos ofertados nos correspondentes concellos.

De acordo co establecido nas bases reguladoras deste proceso,

RESOLVO:

Primeiro: Publicar a relación de prazas asignadas no proceso selectivo de acceso por promoción interna, de acordo co previsto nas bases da convocatoria.

DNI cifrado	NOME	APELIDOS	CONCELLO
***6800**	FERNANDO JOSÉ	LOZANO SELLES	O BARCO DE VALDEORRAS
***0067**	SERGIO	MARIÑO RUZA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
***0074**	JOSÉ	NOYA VÁZQUEZ	SANTIAGO DE COMPOSTELA
***5732**	JOSÉ LUIS	CASTRO EITOR	SANTIAGO DE COMPOSTELA
***8638**	ANTONIO	MALVIDO LOJO	SANTIAGO DE COMPOSTELA

Segundo: Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas na categoría de inspector, mediante resolución da correspondente alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia (BOP).



As persoas así nomeadas permanecerán na dita situación dende o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso.

O curso selectivo de formación será convocado a través de resolución da Dirección Xeral da Agasp na que se indicará a data de inicio.

Tercero: Comunicar e remitir aos Concellos esta resolución para á realización dos trámites necesarios.

Cuarto: Esta resolución esgota a vía administrativa, segundo o indicado no artigo 17 da Lei 1/2017, de 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, e poderá ser obxecto de recurso de reposición ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Na data da sinatura dixital

O director xeral

Santiago Villanueva Álvarez

